

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE AGOSTO DE 2020

Ás 11:10 horas do día 21 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D. Rafael Ojea Pérez, vogal suplente da Xefa de servizo de Educación (asiste aos puntos 2 e 4)
D. Ignacio Oliveira López, xefe de Museos Municipais (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a Dolores Bernardez Fernández, vogal suplente do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 5 e 6)
D. Oscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23977-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con o licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD)(23979-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

4. - Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23977-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD)(23979-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director de Museos de data 17 de agosto de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor"

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U . por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A.4 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o Xefe de Área de Servizos Xerais de data 18 de agosto de 2020, de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% redución prezo unitario de servizo de vixilancia e do prezo de mantemento	Bolsa de horas		Nº horas anuais para plan de formación continua (a maiores das 20 h obrigatorias) * Debe especificar programa, lugar impartición e datas estimadas	Importe para dotación mantemento correctivo
			.Nº laborables horas diurnas	Nº festivas horas diurnas		
1	PROSEGUR	9,01 %	249	74	25 h/anuais	2.060,91€
2	SECURITAS	5%	249	74	25 h/anuais	2.060,091€

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asisten á apertura D. Benito López Pazos , con DNI ***8614* e D. Pedro Antonio Cordon Casacais con DNI ***92.84* en representación de Securitas Seguridad España, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total	Horas traballos extraordinarias a maiores das esixidas na bolsa de horas (nº) de horas	Incremento de importe para maquinaria para traballos extraordinarios (euros)	Incremento de porcentaxe para programas de comunicación uso responsable de espazos obxecto do contrato (%)
1	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U.,	5.068.283,15 euros	300 h	800 euros	0,3%
2	EULEN, S.A	4.739.784,39 euros.	300 horas	800 euros	0,3%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado.

Asisten á apertura D. David García-Plata González, con DNI ***06.09*, en representación de EULEN, S.A. e D. Jorge Pérez Castillo con DNI ***54.00*, en representación de Ferrovial Servicios, SAU

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.02.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 11.03.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL CENTO NOVENTA E SETE CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (379.197,67 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.811,17 .

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	160.601,36 €
2021	218.596,31€
TOTAL	0.00 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 136,11%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS” na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE	67,07
2	UTE URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L. - INCO, ESTUDIO TÉCNICO S.L.	65,61
3	UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA S.L. - INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L.	65,05
4	UTE EPTISA - K2	64,30
5	GOC, S.A	64,26
6	UTE GALAICONTROL S.L. -GPO INGENIERIA , S.L.	63,40
7	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	61,27
8	UTE DE VIARIOS -INGENIA ACTIVIDADES DE INGENIERÍA Y OBRA CIVIL	59,43
9	UTE INRUPRE - VISOIN	58,72
1 0	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	57,99
1 1	UTE TEMHA - NOEGA	57,88

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares. ”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), o día 31 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa que por acordo do 13 de agosto de 2020, na data 17 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días a UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA) para que emendase a documentación relativa á solvencia técnica. O anterior licitador presentou a documentación requirida en prazo.

Quinto.- No apartado 16.I do Anexo I -FEC- do PCAP se establecía que, a adxudicación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” estará condicionada á formalización da Adenda modificativa ao Convenio suscrito o 31.05.2018, segundo o establecido no apartado 2 da disposición adicional terceira da LCSP.

Sexto.- En data 12 de agosto de 2020 anéxase ao expediente a addenda modificativa ao Convenio suscrito o 31 de maio de 2018 asinada en data 3 de agosto de 2020

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:55	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD46-C1D2B2-DH3342-E13PUK-TK779E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de xullo de 2020 e 27 de xullo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 291.126,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.526,00 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:17 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)